



ACTA PLENO DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 10 DE FEBREIRO DO 2022

<p>ASISTEN: Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna Olimpia Marcos García Dna Mª Victoria Montenegro Paz. D. José Juan Vilar Rico. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. Dna. Noelia Montero Candal. Dna. Lucía Blanco García. D. Luis Cendán Fernández. Dna. María Carmen Brage Otero. Dn. Miguel Ángel García Paz. Dna. Josefina Martínez Martínez. D. Marcos Carballo Sarmiento. D. José Manuel Cendán Fernández</p> <p>Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e corenta e un minutos do día dez de febreiro do dous mil vinte e dous, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
---	---

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm. 1.- Aprobación POS + 2022

Dáse conta do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS + 2022" do seguinte teor literal:

ANEXO I

CERTIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS + 2022"

D. MANUEL LARROSA RODRIGUEZ

secretario do Concello de **ARES**

C E R T I F I C A: Que o Pleno deste concello, na sesión realizada o día 10/02/2022, adoptou o seguinte acordo:

"Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se





coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2022”, “achega provincial 2021” e “préstamo provincial 2022”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	118.500,48€
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	
Subtotal gasto corrente	118.500,48€

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación de la obra ou subministración	Deputación	Concello		
Achega Municipal			IVE soportado deducible (só abastecem. Auga potable)	Total Concello	
Subtotal investimentos achega provincial 2022					

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
Mellora de servizos e pavimento					
Subtotal investimentos achega provincial 2021	156.285,24	10.471,38	4.041,66	14.513,04	170.798,28

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas





C. Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRESTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	

D. Resumo:

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello	IVE Soportado	Total concello	Orzamento Total
A- GASTOS CORRENTES						
	Achega 2021 (Excep. Base 2.1)					
B-						
C- REDUCIÓN	Préstamo 2022					

2. Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas.

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable (A))	IVE Soportado deducible (encher ademáis esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable (B))	Orzamento subvenionable (encher só esta columna se non hai actuacións mde abastecemento. (C=A-B))



Cod. Validación: ACYESXA4WMPXZZ5YLNFX7WQAL | Corrección: https://ares.sedelectronica.es/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 10



Mellora de servizos e pavimentos na Rúa Fomento	155.139,93		
TOTAL	155.139,93		

3.- Declarar que o concello tena dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Bae, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello de contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas no Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes, doutras Administracións, achégase o detalle de cada una delas, acreditándose que a súa total non supera o 100% do seu importe.

7.-Autorízase a Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e de Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente a Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión de presente acordó e o correspondente expediente.

E para que así const, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcadia endede dous mil.....

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que esta convocatoria é extraordinaria para a aprobación do único punto do día que é o "POS+2022". O resumo do mesmo é o seguinte, repártese en gasto corrente 118.500,48€, obras 156.285,24€, redución de débeda 8.887,54€ e en obras complementarias 141.836,63€ e ben, aí temos as obras na Rúa San Xosé, mellora de servizos e pavimento e ou mesmo na Rúa Fomento, mellora de servizos e pavimento.

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións, dálle a palabra a voceira do BNG.

Toma a palabra a Sra. Brage Otero sinalando que no informe sobre a previsión de gasto corrente non plan provincial de cooperación Anexo IV, senón lemos mal hai 118.500,48€ que





se empregan na recollida do lixo, porque e para que son exactamente eses cartos, ou hai algún servizo externalizado.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao Sr. Secretario.

Responde o Sr. Secretario sinalando que a deputación concede 118.500,48€ para gasto corrente e nós para xustificalo podemos optar polo alumeado público, SOGAMA, lixo ou que queiramos é dicir, non é para un servizo externo é para calquera gasto corrente que teñamos, neste caso imputase a recollida do lixo pero podería ser, SOGAMA, EMAFESA etc....optamos por este porque é máis cómodo.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que é máis cómodo porque son partidas mensuais as que ascenden a esa cantidade de cartos e xa está xustificando, optar por gasto corrente de facturas pequenas igual presentabamos quince mil facturas para xustificar o gasto corrente, as facturas dá recollida do lixo son grandes e xustificamos con tres.

O Sr. Alcalde pregunta a voceira do BNG se quere facer algunha outra intervención.

Responde a Sra. Brage Otero dicindo que non.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Toma a palabra ou Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que coinciden ca primeira proposta do grupo de goberno na segunda e na terceira non coincidimos temos outra alternativa, o de poñer os 118.500€ para gasto corrente, nós queremos que eses cartos sexan para investir en camiños porque están cheos de fochancas e as táleas sen limpar. En canto a terceira a praza dá traballadora social, fai uns meses que se convocou a praza dá traballadora social e quedou deserta, a intención do goberno era meter a unha persoa e non a meteu, creo que nos servizos sociais hai cinco persoas traballando e está equiparado. Ares necesita unha persoa na caseta de turismo todo ano aínda que sexa a media xornada porque é do que vive o pobo, antes de contratar a unha traballadora social que hai un equipo considerable e está a funcionar bastante ben, a concellería de turismo non está dotada de persoal nin economicamente. Nós o que queremos e dar un empuxón a este concello, somos un concello de servizos e temos que seguir con esa aposta porque é o futuro de Ares, nesa concellería hai que investir en persoal todo o ano para que busque subvencións e para que fagan actividades, aínda que sexa media xornada.





Esta é a nosa proposta, na primeira coincidimos cremos que na Rúa San Xose e Fomento é necesario facer esas obras, na segunda proposta cremos que se debería investir en camiños, hai que dar unha volta polo municipio para ver o problema que temos nos camiños, e a terceira é a contratación dunha persoa para a caseta de turismo. Esa é a proposta que vai presentar o PP, eses dous cambios.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que en principio a subvención é finalista para gasto social entón non podes contratar a ninguén para a caseta de turismo ten esa vertente social e hai que destinar eses cartos no ámbito social polo tanto non podemos elixir, o POS social ten que investirse nese ámbito en consecuencia, non podemos contratar a ninguén de turismo con cargo ao POS social, con cargo a turismo contratamos en verán, en verán nos meses de maior demanda temos unha ou dúas persoas, aquí de outubro a maio efectivamente non hai actividade turística, é turismo estacional por iso a deputación menciona a contratación de persoal para as casetas de turismo, pero en todo caso aínda que nos pareza insuficiente ter persoas só na época estival, con cargo ao POS social non se podería contratar porque é finalista e ten que ir nese ámbito.

Tamén e certo que ese concurso non quedou deserto, era unha convocatoria para ter persoal na lista de espera porque a titular estaba de baixa, era para cubrir esa baixa e o procedemento de contratación non é sinxelo, é complicado, hai que cumprir un trámite procedemental e cando fixemos a convocatoria e seleccionamos ao traballador a titular colleu o alta, as baixas poden ser dunha semana, un mes ou un ano, pois neste caso entre que fixemos as bases, e a convocamos pediu o alta polo tanto, ese persoal está en lista de espera, se agora a titular dá praza volve a estar en baixa xa pódese tirar dá lista, o que pasou antes que estivemos un tempo sen traballadora social xa non pode pasar porque temos unha lista de espera, pero a primeira vez non chegou a tempo porque cando acabamos o proceso selectivo a traballadora social pediu o alta, agora esa lista de espera está, o que pasa é que efectivamente con cargo ao Plan concertado metemos un reforzo, hai empresas que non sabemos efectivamente o poder de disposición que teñen sobre algúns inmobles que están baleiros, na prensa apareceron como empresas fantasmas que empezaron a alugar pisos de calquera maneira e nos últimos tempos apareceron novos veciños/as en condicións difíciles que están incrementando loxicamente o traballo e o gasto social, estanse alugando vivendas por parte destas empresas que son dubidosas cobran o alugueiro, a luz e despois non lle pagan a FENOSA, os veciños/as





pagan a empresa pero estas non lle pagan a FENOSA e ao final acaban cortándolle a luz e a maior parte desta xente non ten recursos, iso é público e notario que esta vindo xente a habitar edificios que nunca foron de Ares e nesas ofertas e onde búscase unha rendibilidade inmediata, un aluguer o tempo que tarde en dirimirse a controversia xurídica ata que aparece alguén que diga que non sabe nada dá empresa nin dos alugueiros temos un incremento de traballo en gasto social porque hai moitas persoas que veñen a eses edificios que teñen certa desestruturación económica e familiar polo tanto, estamos nunha situación de incremento e intentamos cubrir esa necesidade. Os traballadores de servizos sociais saben que aparece xente a pedir recursos e non a coñece e dá un domicilio dun edificio deses e logo veñen e din que non teñen luz e que eles a pagan, pero como é luz de obra suponse que pagan un porcentaxe, a empresa non paga a FENOSA cortan a luz e poñen xeneradores, temos esa problemática que desaparecerá porque os edificios están nun proceso xurídico e cando apareza o adxudicatario final porque son procesos concursais porá orde no edificio, hai outro edificio que teñen conflitos entre os propietarios entón uns dedícanse a alugar para enfatiar aos outros polo tanto, ese problema existe e esa é a razón dese destino do fondo social con esa finalidade.

En canto o gasto corrente que non estades de acordo que queredes invertelo en camiños.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que o orzamento vaise quedar curto e non vai a chegar.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que en principio xa temos cento e pico mil euros para camiños e ao final sempre destinase máis, facemos un expediente de modificación de crédito o algunha subvención nominativa dá deputación. A memoria do orzamento contempla esa achega provincial gasto corrente con cargo as facturas dá recollida de lixo, os camiños non van quedar sen arranxar porque o estamos facendo todos os anos, non podemos arranxar todos xuntos o facemos pouco a pouco igual que o fixeches ti cando fuches alcalde, eu non lembro que no primeiro ano arranxaras todos os camiños porque é imposible, pero nós imos arranxando camiños, acabamos de arranxar o camiño de Santa Catalina desde a Redonda, en Ixobre e claro que imos arranxando, e non orzamento xa hai unha partida para iso.

O Sr. Alcalde pregunta ao Sr. Secretario si se vota primeiro a emenda presentada polo grupo PP.





Responde o Sr. Secretario dicindo que si.

Pide a palabra ou voceiro do PP. Ou Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Toma a palabra o Sr. Secretario aclarando que non entendeu a pregunta do voceiro do PP pensei que falabas dentro do gasto social, non para outros fins.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que o POS esta creado para unha serie de cousas que os concellos pódense acoller, poden ser obras, servizos, servizos sociais, turismo etc... o concello de Ares acolleuse a estas tres pero podía acollerse a outras.

Responde o Sr. Secretario manifestando que aí non entra, falo do gasto social.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que a deputación financiaba diferentes actividades, o goberno actual dá deputación en vez de andar con convocatorias diversas, fixo un plan único onde máis ou menos agrupou o que antes ía por diferentes convocatorias agora vai nunha soa, nese plan único temos o plan tradicional que é para obras, pero coa crise habilitaron a posibilidade de destinar un tanto por cento a gasto corrente que levamos anos así, é dicir isto é o POS de sempre pero coa crise habilitan para gasto corrente e logo co tema do gasto social incorporou unha partida con esta finalidade no plan único entón este é a repartición, nas obras, no gasto corrente e no plan social outra cousa é que a deputación siga mantendo partidas específicas para turismo de feito cunha partida específica que non está non plan único dos concellos que teñen intereses turísticos, hai unha convocatoria específica para persoal de turismo vinculado as casetas de información iso existe, remata en febreiro e nós xa a temos solicitada polo tanto xa digo, se mantés a emenda as votamos e non hai problema, pero eu estou dando as razóns polas cales non as imos a apoiar.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que no verán hai dúas persoas na caseta de turismo que ao único que se dedican é a repartir panfletos e guías turísticas, eu creo que a función non ten que acabar aquí, senón como dixeran anteriormente ten que fomentar este concello, este concello está preparado para o turismo, vender ben Ares e durante todo o verán aínda que sexa a media xornada un apoio coa concelleira para poder investir e mobilizar a xente e máis interiormente de todo o comercio aresán que tamén pode participar e axudar en beneficio de todos, este concello como todos sabemos o que ten é o turismo e non hai outra alternativa, por iso nós imos a seguir insistindo no mesmo porque cremos que é fundamental e non lle estamos a dar a importancia que lle temos que dar ao turismo, está é a





forma de levar isto adiante, podemos copiar doutros concellos do sur que están máis adiantados que nós, dar unha visita para saber como están a funcionar e como o levan durante todo o ano podan ser unha guía para poder facer cousas, durante todo o ano non para repartir revistas en xullo e agosto. Con respecto ao POS xa o dixen, en canto os camiños os oito anos que eu estiven de Alcalde sempre destinouse para obras e servizos, sempre priorizamos os camiños sobre todo na zoa rural que non había servizos daquela, nin auga nin saneamento a aposta sempre foi mentres non podíanse levar os servizos as parroquias polo menos que tiveran os camiños proba delo, e ti o sabes porque estabas de concelleiro daquela nos dera vinte millóns a concellería de medio rural para arranxar camiños, chegou o goberno bipartito quitáronnos a subvención, nós denunciámos porque xa aprobábase as plicas e por parte do responsable que era do BNG me dixo que se sacaba a denuncia dábannos outros vinte millóns, e eu antes de saír Alcalde quedaron contratados en Ares corenta millóns en camiños por parte da concellería, non imos a investir grandes cantidades pero si o mantemento.

Con respecto ao tema da traballadora social nós seguimos insistindo que se pode facer, esta é a proposta que fai o equipo de goberno que acolleuse a estas tres cousas pero cremos que se pode modificar e imos a seguir insistindo tanto no orzamento como nas subvencións imos a seguir priorizando este tema porque é fundamental. Eu lembro que cando entramos aquí a ilusión que tiñamos aquí era facer a Marbella do Norte, eu creo que temos que seguir apostando polo turismo porque é o único que temos, estamos nunha zoa complicada como é a de Ferrol cun paro galopante e para que Ares teña un pouco de movemento é polo que temos que apostar, cen mil euros ao ano non son cantidades tan importantes para revitalizar este sector como é o turismo.

A nosa proposta é esa, na primeira coincidimos, na segundo investimento en camiños e na terceira contratación dun técnico de turismo aínda que sexa a media xornada.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que van a rexeitar a proposta de emenda, está claro que temos visións distintas, nós investimos para levar a auga e o saneamento a Chanteiro, para levar a auga a Cervás e a moitos sitios e tamén apostamos por fixar residentes, crecer en poboación como estamos crescendo somos un dous poucos concellos que crece en habitantes ofrecendo servizos, gardería, centro de día, casa da xuventude, centro de saúde e efectivamente non apostamos para estar só dous meses fomentando única e exclusivamente que poida vir xente que é benvinda, á conta de servizos esenciais dúas veciños/as polo tanto,





primeiro hai que arranxar o pobo porque é a maneira de que a xente veña doce meses, non dous entón ben, o máis importante para nós é a renovación de todos vos servizos, dá auga porque efectivamente é unha problema e un problema gordo, cremos que ese é ou problema máis importante que temos que arranxar e arranxando isto irá todo ou demais, de que serve que veña xente aquí se logo non teñen servizos, serve de pouco porque non queremos que veña xente só a comer e a cear, queremos que veñan a vivir. Consideramos que a proposta que fai ou goberno é a correcta e en consecuencia sometemos a votación a emenda presentada polo PP.

Sometida a votación a emenda presentada polo PP ao **“POS+2022 segunda; inversión en camiños e non gasto corrente, terceira; contratación dun técnico/a de turismo aínda que sexa a media xornada e non contratación de traballador/a social”** o Pleno do Concello por 3 votos a favor (3 do PP), 8 votos en contra (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL) e 2 abstencións (2 BNG), acorda rexeitar a proposta.

Sometida a votación a **“Aprobación POS + 2022”** o Pleno do Concello por 8 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL), 3 votos en contra (3 do PP) e 2 abstencións (2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e sete e minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente

Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor

